



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

CIRCULAR 21-2013

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os asambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE 10 KM EN RUTA

Padrón, 2 de Marzo do 2013

Art. 1) A Federación Galega de Atletismo a través da Delegación de Santiago organizarán o vindeiro 2 de marzo de 2012, en Padrón o Campionato Galego, absoluto e das categorías junior, promesa e veteranos, de 10 km en Ruta. Esta proba disputarase conxuntamente coa *XI Carreira Popular Concello de Padrón*.

Art.2) No Campionato Galego poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2012/13) por algún Club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
 3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non esten nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galego.

Art.3) A saída da proba terá lugar na Campo do Souto (Padrón) ás 18:00 horas do sábado 2 de Marzo.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 26 de febreiro do 2013.**

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados de cada unha das categorías establecidas inclusive as categorías oficiais de veteráns recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os participantes deberán levar en todo momento o dorsal (no peito) proporcionado pola organización. A non visibilidade do dorsal supón a retirada do atleta do circuito e a descalificación do atleta. A organización non facilitará imperdibles, pólo que será responsabilidade de cada atleta levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal.

Art. 7) A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.

Art. 8) O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art. 10) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia Real Federación Española de Atletismo.

.Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia
A Coruña, a 11 de febreiro do 2013